

Narrar os narcos

Desvendando unha vida



FRANCISCO MARTÍNEZ BOUZAS

Se é verdade que á literatura nada lle debe resultar alleo, cómpre preguntarse por que a galega non narra o narcotráfico. Cando se vai escribir a grande novela sobre o narcotráfico en Galicia, aquela que logre sintetizar e contar todo o que ten significado para este país? Quizais hoxe en día o papel dos narcos galegos reverteu en algo moi secundario: simples transportistas a comisión sen capacidade de decisión nin autonomía. Mais o fenómeno xerou en pasadas décadas inversión de valores, viu nacer personaxes moi pe-

dade, con maior afastamento do tremendismo, con maior talento, profundidade e perspectiva.

Unha proba do que dicimos, é a edición d'*Os pecados capitais* de Francisco A. Vidal, novela que veu lume por méritos propios – tamén por ser a gañadora dun dos moitos premios do noso sistema literario – pero nunca para compensar desde o seu clasicismo esforzos estilísticos máis vangardistas. A novela é un achegamento á existencia dun home que pretendeu triunfar nun país de fame sen exiliarse da súa terra, a Ría de Arou-

distintas persoas que conviviron con el e nos achegan a súa particular ollada sobre unhas relacións axitadas co narcotraficante. Finalmente será el mesmo o que, á vez que esconxura os seus fantasmas, fachendoso pero xusticeiro ás portas da morte, xulgue aos que algo tiveron que ver na súa vida.

Un desenvolvemento minucioso desde diversos ángulos, logrado a base de monólogos interiores, como flashes dunha delongada sesión fotográfica, tece o pano do relato. Son as visións testemuñais das persoas que mellor coñeceron a Andrés o Gondeiro. Cos seus testemuños o narrador reconstrúe o percorrido vital e a personalidade do home que se atopa nos lindes da morte, á vez que achega ao lector un retallo biográfico do personaxe que presta o testemuño.

UN ENFRONTAMENTO
COA DOBRE
MORAL, COS XUÍZOS
DE VALOR E TAMÉN
UNHA ACHEGA Á
TEMÁTICA IDENTITARIA

Os pecados capitais forma parte desa literatura que non rexeita o compromiso, pero que á vez se decata do relativismo das olladas e confesións alleas. Tamén das propias. Existen malos e bos, mais na novela non hai lugar para o mal absoluto, como tampouco o hai na vida mesma. O texto de Francisco A. Vidal é, na súa ardida navegación, moitas outras cousas. É sobre todo unha verdadeira visión do mundo no que se recoñece a importancia da subxectividade e a pluralidade da verdade. Así mesmo, un enfrontamento co problema da dobre moral e dos xuízos de valor e un perfecto achegamento ao tema identitario. A estratexia formal baseada no monólogo interior, empregado con talento, e o arredamento doutros procedementos coma o costumismo elemental, a linguaxe coloquial, as tramas populistas, características doutras narrativas onde o narcotráfico está presente en todas as mesas, contribúen de forma determinante a que *Os pecados capitais* non perda credibilidade narrativa e a que podamos pensar que narrativa e narcotráfico non sempre son nupcias truncadas.

VIDAL, Francisco A. *Os pecados capitais*, Ed. Xerais, Vigo, 2007, 229 páxinas.



culiares, orixinou verdadeiras novelas sen ficción e converteu a Galicia en inxusto símbolo da infamia. É un tema xigantesco e retador se se quere narrar a realidade. Pouco a pouco, porén, comeza a ser abordado pola narrativa galega e, por fortuna, cada vez con menos superficiali-

sa. A fame por medrar e unha razón agochada que o lector só descubrirá na última secuencia do texto, convertérono primeiro en contrabandista e máis tarde en narcotraficante. No grande capo de narcos que asume riscos, compra fidelidades, non repara nas traizóns, convértese nun home tan inmensamente rico como a infinidade da súa infelicidade. O relato sitúao ás portas da morte interrogando os seus fantasmas que non o deixan morrer en paz e enfrontado co recitado da súa propia vida por parte de